

Nova normativa lingüística para as concesións municipais

O ordenamento legal que se ocupa (aínda que os feitos teimudamente se encargan a cotío de demostrar que non *preocupu*) de regular a presenza do noso idioma nas institucións é certamente coñecida: Estatuto de Autonomía, Lei 3/83 de Normalización Lingüística, Lei 5/88 sobre o uso do galego nas entidades locais e, nomeadamente no que atinxe ao Concello de Vigo, a ordenanza municipal de normalización lingüística.

Mais a progresiva redución das áreas xestionadas directamente polo Concello, con múltiples empresas concesionárias atendendo servizos públicos, facía urxente o desenvolvemento dunha normativa específica que enchese de contido o baleiro legal que facía posíbel unha cada vez maior presenza do idioma español en detrimento da nosa lingua na vida cidadá.


Foi por iso que desde A MESA se decidiu pór en marcha unha campaña para demandar da Corporación Municipal a elaboración e aprobación dunha normativa que condicionase a concesión e o mantemento de servizos, subvencións e contratacións a empresas a faceren un uso normal e non discriminatorio do noso idioma na súa relación e atención á cidadanía.

A campaña consistiu basicamente na difusión dun modelo de instancia dirixida ao alcalde de Vigo na que, en primeiro lugar, se denunciaba a situación actual de deixadez, cando non de absoluta marxinación, do idioma galego nas empresas concesionárias de servizos municipais e, en segundo lugar, demandábase do Concello que puxese fin a esa situación.

As instancias eran recollidas e presentadas semanalmente pola MESA no rexistro do Concello. Chegáronse a contabilizar, unha vez rematada a campaña, algo máis de 2.000 instancias presentadas entre as que se incluían, ademais das asinadas a nivel individual, outras moitas de carácter colectivo, para o que mantivemos múltiples entrevistas con responsábeis políticos, sindicais, veciñais, etc.

Ao cabo, o froito foi a aprobación polo Concello duns criterios xerais para a normalización lingüística nas relacións contractuais do Concello con empresas privadas. Estes criterios, de obrigado cumprimento, deixan ben claro que se redactarán en galego os contratos, pregos de condicións, proxectos, informes e memorias anuais; os anuncios, campañas publicitarias, sinais e indicadores, rótulos nos inmóbeis, vehículos, impresos e modelos de documentos, así como calquer outro elemento de uso ou difusión pública.

Cal é o seu ámbito de aplicación? Todas as empresas que manteñan relacións contractuais, subcontratas, etc. co Concello e presten servizos ou realicen actividades de relación e atención co público; os Convénios de colaboración con entidades públicas e privadas; as actividades desenvolvidas por enti-




dades sen ánimo de lucro que contén con subvención municipal. É importante reseñar que as empresas con contrato en vigor teñen a obriga de adoptar as medidas precisas para cumprir o disposto nesta normativa.

Unha vez conseguido isto queda o máis difícil: facer que esta norma teña correspondencia na realidade. Evitar que, como case sempre, a lexislación en materia lingüística sexa papel mollado por falla de vontade da administración.

As adhesións colectivas que deron apoio á campaña foron:

BNG, PSdeG-PSOE, EU-EG, IU-EU, FPG, CIG, CCOO, UXT, ANOC, Comité de Empresa do Concello de Vigo, Comités Abertos de Escola e Facultade-CAEF, Comités Abertos de Estudiantes-CAE, Federación de Asociacións Veciñais "Eduardo Chao", Asociacións Veciñais de Bouzas, Sárdoma, Val Miñor e Casco Vello, Asociación Xuvenil Abertal, Comités Anti-Represivos de Galiza-CARG, Grupo Ecoloxista Erva, Grupo Ecoloxista Gabita e a Asociación de Amizade Galiza-Cuba.



Canon de Telefónica aos galego-falantes

Todos os que fixemos algunha vez unha chamada a Telefónica por algún problema xurdido no servizo puidemos desfrutar do trato amábel e solícito do educado operador ou operadora que nos atendeu ao outro lado da liña. Mas é unha pena que en todos os casos esa amabilidade e solícitude non nos servise absolutamente para nada á hora de resolver a nosa dúbida ou recoller a nosa demanda, xa que o cordial interlocutor non entendía "nin papa" do que lle falábamos.

Cando expós este tipo de problemas no servizo de Atención ao Cliente de Telefónica non parecen comprender, por moito que lles fagas a tradución, que estás a sufrir un evidente agravio comparativo con outros cidadáns que si poden recibir este tipo de servizos na súa lingua (disque pagan mais?).

Até eiqui trata-se simplemente dunha cuestión de respecto e de igualdade entre os clientes, o cal parece que lle soa un pouco etéreo a esta compañía telefónica. Seica opinan que o único que ten importancia é que o paso nos custe o mesmo a todos. Pois até niso sufrimos os galego-falantes menosprezos.


Probou Vde. algunha vez a mandar unha mensaxe a un Beeper e ter a ousadía de tentar facé-lo en galego? Tremebundo! Comezarán solicitando-lle o número de usuario que terá que repetir catro veces até que a persoa que o atende comprenda que non é que estea Vde. falando mentres mastiga un saboroso chicle de lima-limón, senón que lle está a falar en galego. Pedirá-lle entón que llo diga en castellano, que non entende. Se realmente desexa Vde. que a mensaxe chegue ao destinatario previsto terá que traducir-lle o número. "*Su mensaxe, por favor*". Entón comeza o mellor: que se hai que lle falar a modo, que se hai que lle deletrear a metade das palabras. Que se hai que lle avisar que "*aínda*" leva til, que se hai que lle... Menos de dous minutos non llos quita ninguén, e ten sorte se "*a reunión que teremos ás nove, onde sempre*" non se transforma na que "*tiremus las nova onda sempre*".

E todo isto por unha módica cantidade que, má sorte!, se ve notabelmente incrementada no caso de falar en galego xa que os pasos corren inexorábeis, descoñecedores da tráxico-cómica situación que nos está tocando pasar.

Cambiemos isto xa!

Marcos Ferreira Amoedo
Sócio nº 3139

Vilanova de Arousa – Vladivostok



O Centro Dramático Galego está a representar a súa primeira montaxe desenvolvida integralmente en español. Curiosamente vai ter a "honra" de sufrir esa estrea un autor galego, co cal non dará crebado esa finalidade última do organismo: dar saída aos autores da Galiza (iso si, non en galego. Semella que os estatutos non eran claros de abondo neste eido).

Valle-Inclán vén sendo ese illote inexpugnábel pretendido polo teatro galego desde hai moitos anos. Pretendido polo feito de ter nado en Vilanova de Arousa, nese Salnés de luz e sombra omnipresente no seu teatro, e pola excepcional e universal cua-

lidade da súa obra. Inexpugnábel por ser inédito en galego pola pechazón dos seus familiares, herdeiros dos seus dereitos, que negan sistemática e irracionalmente a súa tradución (iso si, "*nihil obstat*" a súa representación en ruso, poño por caso).

Esa, e non outra, é a causa de que Valle non teña sido representado até o de agora por nengunha compañía da Galiza en galego. E abofé que se quixo e turrou, batendo sempre coa intransixencia dos seus descendentes, abeirados por unha lei obsoleta. Isto dá-nos noticia da enorme dignidade e compromiso da nosa xente do teatro, á marxe dos comentarios que xorden recentemente ao fio desta nova situación.

O CDG e mais o IGAEM fan ouvidos xordos á protesta social, ao rexeitamento do mundo da cultura galega, que, nunha ousadía sen precedentes (animamo-los a ter continuidade nesta dirección), fan dos premios "Maria Casares" bandeira da oposición á montaxe. Suceso que será reprobado pola "oficialidade", rematando coa CENSURA INADMISÍBEL na retransmisión da TVG do crítico discurso de Manuel Lourenzo, auténtico tótem de autoridade, quen de facer calar aos chaíñas que falan de reaccionarismo lingüístico.

Debemos, xa que logo, expresar ruidosamente o noso desacordo coa montaxe, por supor un desprezo á nosa cultura e ao noso idioma. Cómpre unha mobilización maioritaria en todos os meios, a fin de demostrar a nosa oposición ao evento "estrañamente" coincidente co centenario do 98. E unha proposta: a representación masiva de Valle polas compañías galegas en galego, co libreto en portugués (aí non opón nada a familia).

E por último, lembrar. Lembrar-nos das persoas que se benefician disto, non vaia ser que logo teñamos que escoitar-lles algunha encíclica sobre o seu compromiso co idioma. Lembrar ben, en definitiva, este opróbio, este día mouro no que unha escuridade que coidabamos a extinguir anda a erguer-se outravolta por riba de nós, como unha lousa intacta.

Xosé Manuel García
Sócio nº 3237

COPYPLAN®

a copisteria profesional

Rúa Zamora, 62 baixo • 36203 VIGO • Tlf./Fax: 986 41 41 49

En galego a pedir de boca

O pasado 6 de xullo celebraba-se no Pazo de Castrelos o acto de peche da campaña "En galego, a pedir de boca", desenvolvida pola Mesa en colaboración co Concello de Vigo e da que vos dabamos conta no anterior número do boletín. Á campaña, que tiña como obxectivo a introducción do galego nas cartas dos restaurantes da cidade, sumáronse 112 restaurantes, cafeterías e hoteis que, a partir de

agora, dispoñen de menús no noso idioma.


Para que os restaurantes empreguen as cartas en galego con asiduidade e as manteñan no noso idioma cando lles fagan modificacións ou as renoven, é importante que lles fagamos sentir a demanda. Por esa razón, ofrecemosvos a continuación a relación destes establecementos para que os teñades en conta.

Asador A Roda
Asador-Casa Saíllo
Bar Galeón
Bocatería Zumería Tamarindo
Cafetería Alameda
Cafetería Flipper
Cafetería Las Tres Luces
Cafetería Laxe
Cafetería Lucero
Cafetería Restaurante Brisa-Mar
Cervexería-Restaurante Prost
Hamburguesería Otty's I
Hamburguesería Otty's II
Hotel Bahía
Hotel Ciudad de Vigo
Hotel Ipanema
Hotel Lisboa
Hotel México
Hotel R. Coia
Hotel Samil
Hotel Tres Luces
Marisquería-Asador Rivera
Mesón A Videira
Mesón Compostela
Mesón do Deza
Mesón Galego
Mesón La Cazuela
Mesón Los Arcos
Mesón O Peimoxo
Mesón O Rancho
Mesón Restaurante Don Sancho
Pizzería Chicote I
Pizzería Chicote II
Restaurante A Casa do Cocido
Restaurante A Gavela
Restaurante A Nova Finca
Restaurante Ancoradoiro

Restaurante Argentina
Restaurante Avenida Samil
Restaurante Bar As Dornas
Restaurante Barbantes
Restaurante Basilio Toralla
Restaurante Beiramar
Restaurante Bitácora
Restaurante Bogavante
Restaurante Carballeira
Restaurante Chicote
Restaurante Cies
Restaurante Curbeira
Restaurante Dársena
Restaurante Doméstica Causa
Restaurante Durán
Restaurante El Almendro
Restaurante El Capitán
Restaurante El Castillo
Restaurante El Gallinero
Restaurante El Gran Danubio Azul
Restaurante El Mosquito
Restaurante El Parque
Restaurante El Rocinante
Restaurante Europa
Restaurante Excalibur
Restaurante Fontefría
Restaurante Gamboa
Restaurante Gonco
Restaurante II Tartufo
Restaurante Jonathan
Restaurante Junquera
Restaurante Keller Edel
Restaurante La Belle Tiple
Restaurante La Marina
Restaurante La Mezquita
Restaurante La Nata
Restaurante La Taberna del Puerto

Restaurante Las Bidas
Restaurante Laxeiro
Restaurante Manoli
Restaurante Mar del Plata
Restaurante Mautte Grill
Restaurante Mesón do Marisco
Restaurante Navia
Restaurante Novo Vidal
Restaurante O Forno
Restaurante O Garfo
Restaurante O Gordo
Restaurante O Rei Pescador
Restaurante O Rincón
Restaurante O Xamón
Restaurante O'Pescador
Restaurante Palo-Palo
Restaurante Pepe de Juan
Restaurante Puerta del Atlántico
Restaurante Puesto Piloto
Restaurante Rías Baixas I
Restaurante Rías Baixas II
Restaurante Rías Gallegas
Restaurante San Amaro
Restaurante Seijo
Restaurante Senén
Restaurante Sobreira
Restaurante Soriano
Restaurante Taboada 26
Restaurante Timón-Playa
Restaurante Vigorosus Fast Fodd
Restaurante-Casa Esperanza
Restaurante-Casa Míguez
Restaurante-Casa Moncho
Restaurante-Casa Otero
Restaurante-Casa Soutomaior
Restaurante-Churrasquería Real Fortuna
Xamonería Abrente

tamarindo



ZUMOS-BOCATAS

Rua Roupeiro, baixo 7
VIGO

*Zumos naturais
e batidos de
froitas
tropicais-
Arepas
Hamburguesas
caseiras e
vexetais
-Bocatas e
sandwiches*

Librería especializada
en Muller, Cultura galega,
Literatura, Economía e
sociedade alternativas.
Papelería ecolóxica.



LIBRERÍA • PAPELERÍA

R./ Triunfo, 1 • 36202 VIGO • Tel. e Fax: 986 43 37 68

A Mocidade pola Normalización Lingüística de Vigo



Hai xa tempo que nas xuntanzas da Mesa en Vigo os sócios debatíamos sobre a necesidade de formar unha sección especialmente deseñada para e pola Mocidade. Despois de convocarmos a todas as equipas de normalización lingüística dos Institutos e falar con diversas asociacións culturais da cidade hoxe temos entre nós algúns mozos e mozas ilusionados e sempre dispostos a ofrecer e colaborar en novas accións. Entre todos pensamos que a xente nova galego-falante ou "interesada" en sé-lo atopa-se en Vigo coas dificultades de relacionar-se cun grupo de xente das súas mesmas inquedanzas. Por iso estamos traballando nunha idea que necesita da colaboración dos nosos sócios en Vigo e bisbarra. Temos intención de formar un grupo cultural de rapazada co propósito principal de conseguir unha plena socialización en galego. Non só para os galego-falantes, que o único que gañarían sería ampliar o seu mundo social (sempre interesante), senón que tamén conseguiríamos que aqueles predispostos que non falan sempre (só cando se lles fala en galego) tivesen a oportunidade de conseguir un momento de inmersión lingüística. Sabemos que non conseguiremos nada se o único que face-

mos é convocá-los ás nosas xuntanzas e ali falar (?); por iso pensamos en crear unha serie de actividades lúdicas e culturais para proporcionar-lles algo atractivo e á vez produtivo. Pensamos en actividades como, por exemplo, saídas á Natureza guiadas por especialistas que coñezan os nosos ecosistemas e lles aprendan a flora e fauna en galego, visitas ás editoriais e xornais (*A Nosa Terra*) para que coñezan o proceso de edición, museus, etc. Desde a Mesa da zona de Vigo pedimos-vos asesoramento e, sobre todo, se a algún sócio/a lle parece esta unha actividade moi necesaria (nós cremos que si) sería moi alentador que participase como biólogo, médico, editor, etc., proporcionando-nos información sobre lugares onde organizar unha actividade ou, directamente, que se ofereza a ser o noso guía.

Por último facemos de novo unha chamada ás equipas de normalización lingüística dos centros de ensino para que anunciades esta idea entre os vosos colaboradores.

Esta é unha boa maneira de establecer os contactos necesarios entre a mocidade interesada na acción galeguizadora. Non podemos desaproveitá-la.

**HOSPITAL VETERINARIO
GALLAECIA**




ATENCIÓN VETERINARIA
COMPLETA

Melloramos a calidade de vida dos animais

Rúa Barcelona, 29
36203 VIGO

Teléf.: 986 41 15 15
Móvil: 929 82 77 18



Rua Cervantes, 5 baixo
VIGO